




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

DECLARA:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), asinaron, con data 13 de marzo de 2018, un Convenio de colaboración para o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, por un período de vixencia que abarca dende o día da firma do convenio ata o día 30 de decembro de 2018.

Que o obxecto deste instrumento convencional é o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais que se celebren no ano 2018, dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas da Administración da Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as actividades asinantes en orden á consecución de obxecto referido.

Que o convenio asinado se fundamenta no seguinte:





As persoas xordas e xordo cegas enfróntanse diariamente con barreiras de comunicación, entendendo estas, segundo a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, como “impedimentos para a expresión e recepción de información ou mensaxes, sexa por comunicación directa ou a través dos medios de comunicación”, que limitan o seu acceso ó entorno físico, produtos, servizos, información e comunicacións, impedindo a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións.

As persoas xordas teñen como linguaxe natural a Linguaxe de Signos, lingua adaptada ás súas necesidades e que permite unha completa comprensión e expresión de mensaxes. Trátase dunha lingua propia en toda a súa extensión, estruturada, con características lingüísticas e que se constitúe como vehículo de transmisión de información efectivo.

Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materias de relacións institucionais e parlamentarias, sendo unha das liñas prioritarias desta Vicepresidencia e Consellería o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.


Para tal efecto, en concreto, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en que todos os actos institucionais cheguen en condicións de igualdade aos colectivos máis desfavorecidos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

